

ORIENTACIÓN CORO E TÉCNICA VOCAL II

O deseño competencial da Proba de Acceso á Universidade (PAU) implica que se avalíe a capacidade do alumnado para poñer en xogo os coñecementos adquiridos ao longo do bacharelato, co obxectivo de resolver as situacións e cuestións presentadas nas diferentes preguntas da proba. Partindo deste principio, a proposta da PAU 2025, trata de manter unha conexión coas competencias e contidos que xa estaban presentes no deseño da proba na convocatoria anterior (2024), ao tempo que se pon o acento nos aspectos competenciais propios do novo deseño (relacionar, construír respostas orixinais, etc.) e se aminoran as competencias relacionadas co anterior modelo de exame.

Os contidos previstos para a preparación da proba son os establecidos no currículo da materia, de acordo cos bloques descritos na normativa básica do Estado e de modo máis específico na normativa autonómica (Decreto 157/2022) que para Coro e Técnica Vocal II, distribúense en tres bloques: Bloque 1 Análise; Bloque 2 Técnica Vocal; Bloque 3 Práctica de conxunto. As preguntas presentadas no Modelo de Exame, atenden a estes bloques a veces de xeito único (un único bloque) e outras de xeito mixto (máis de un bloque), e igualmente o fan demandando respostas que poden ser abertas, semiabertas ou pechadas. No caso do bloque 3, Práctica de conxunto, as limitacións que veñen determinadas pola loxística da realización da proba, aconsellan optar por respostas semiabertas ou pechadas.

Observarase que as preguntas teñen tamén un alcance competencial diverso. Comprendese que estamos diante dunha transformación no modelo da proba, e polo tanto, da tipoloxía das competencias que se avalían, que debe realizarse de modo progresivo nas convocatorias vindeiras. É por iso, que xunto con preguntas de un perfil competencial baseado na relación de conceptos e creación de respostas orixinais con un carácter aberto, preséntase preguntas de perfil competencial máis continuístas respecto do modelo anterior, de acordo co carácter formativo e transformador que entendemos que a propia PAU tamén adquire no actual contexto.

Con esta finalidade, achéganse nestas orientacións propostas de contidos relacionados cos diversos bloques e competencias que se avalían, de xeito que se poda facilitar o traballo de docentes e estudantes para a preparación da proba.